

Reunión familias ESO

CPI DE XANCEDA

PRESENTACIÓN

Titores,
Profesorado, Xefatura e
Orientación.

COMUNICACIÓNS

Todas as comunicacións co centro no relativo ao académico realizaranse a través do Titor. No referente a necesidades educativas do alumnado pódese facer directamente en Orientación. Se as circunstancias requíreno pódese realizar unha cita conxunta con Orientación e Titor.

PUNTUALIDADE E ASISTENCIA

- É moi importante ser puntuais á primeira hora da mañá.
- Faltas xustificables por lei:
 1. Indisposición (un ou dous días). Comunicación por parte das familias ao titor ou titora.
 2. Enfermidade (máis de dous días; xuntar ou xustificante médico).
 3. Tramitación de documentos oficiais.
 4. Deber inescusable.
 5. Falecemento de familiar de primeiro ou segundo grao .
- *Só pódese faltar a un exame ou unha proba importante con xustificante médico.*
- No suposto superen o 10 por cento de cada mes pódese levar a cabo un protocolo de absentismo.

AVALIACIÓNS

- Inicial. 10 de outubro. (De carácter interno).
- 1º avaliación. 19 de decembro. Entrega de notas 21 de decembro.
- 2º avaliación. 20 de marzo. Entrega de notas 22 de marzo.
- 3º avaliación. Por determinar. A partir do 21 de xuño.

CONVIVENCIA NO CENTRO

En todo momento ou alumnado debe ser respectuoso cos seus compañeiros, profesores e persoal. No caso de que isto non ocorra abrirase un parte de incidencias. A acumulación de varios partes de incidencias pode ser motivo de expulsión, en principio a aula de convivencia na cal permanecerán durante todo o horario lectivo. Sen participar nas actividades do grupo/clase.

En caso determinados a sanción poderá supoñer a perda do dereito de asistencia ao centro (entre 1 e máximo 3 días).

O uso de móbiles non está permitido no centro durante todo o horario lectivo, comedor e recreo de comedor fóra de determinadas actividades escolares e extraescolares organizadas polo profesorado.

ESTUDO E ORGANIZACIÓN

É imprescindible que durante a semana exista unha rutina de horario de estudo nas casas:

1. É importante manter un horario de estudo diario para que se habitúen e que melloren a súa capacidade de organización e constancia. Fomentar a cultura do esforzo é de suma importancia.
2. Manter ordenado e clasificado os apuntamentos das diferentes materias.
3. Limitar o uso de móbiles, xogos, redes sociais.... Especialmente antes de ir durmir. E tendo en cuenta que as horas de soño son moi importantes cara ao rendemento académico do alumnado.

HÁBITO LECTOR E INFORMACIÓN DE INTERESE

É importante mellorar o hábito lector para a mellora da lecto escritura. No centro dispoñemos dunha biblioteca cun amplo fondo de recursos para todas as idades e temáticas. Durante o recreo poden utilizala e realizar préstamos para casa.

Na páxina web do Centro no apartado de Orientación , en novas poden atopar información de interese para as familias.